

Cando a “sororidade” era un “cactus polo cu”.

Este escrito foi ampliado, para o seu mellor entendemento, o día 01/07/2019, a petición expresa de quen o escribiu orixinalmente.

O xoves recibín a mensaxe dunha “compa” de Santiago:

- Mira o sábado convocamos a algúns homes do noso círculo para falar de algo moi importante entre mulleres e homes, por un conflito de xénero. É moi importante que veñades. É às seis trinta no Aturuxo

- Eu¿? - Preguntei certamente sorprendido, xa que non estaba ao corrente de nada, e facía anos que non gardaba unha relación estreita.

- Si. Que sería? Pensaba. Parecía importante. Fun.

Ceguei no día cun colega no seu carro e a compa. Foimos ao Aturuxo das Mariás onde estabamos convocados. Petamos á porta e abriu unha muller que non coñecíamos de nada, e ela tampouco a nós porque nos preguntou a que íamos. Explicado, díxonos que subíramos á terceira planta. O rostro das mulleres, a maioría descoñecidas para min, era ameazante. Subindo as escaleiras un par de mulleres cada equis escalóns. Algunha dicía algo no plan de “veña, subide”. Parecía unha coreografía moi ben orquestrada. Chegado a arriba vexo uns 40 tipos. Busquei rostros coñecidos. Eran compas, e os que non coñecía tamén. Gardaban silencio como un rabaño de ovellas previo a que sexa subido ao camiión que se vai dirixir ao matadoiro. Un silencio tétrico (e non, non esaxero). Mirei á dereita e vin unhas 50 fotografías, impresas, colgadas, cos nomes de cada persoa. Todos tipos. Cheirei a encerrona. Rápido pensei en todos eses experimentos sociolóxicos como o do Cárcere de Standford, ou a peli “La Ola”. Será por iso que quixen marchar ao momento, pero un colega díxome que agardara. Fixen caso pese a que xa me está parecendo horrible.

Cinco minutos de espera. Agardando atopei a miña fotografía. Dinme conta que probablemente todos os alí convocados estaban na parede, sinalados. Non daba moito crédito, a verdade. Chegaron as mulleres e formaron filas. Estética militar. Brazos cruzados, detrás as fotografías e diante nós. A unha non lle debía parecer suficiente e mandou levantar dunhas cadeiras a tres compas para que se puxeran de pé. Ela non sentou. Só quería demostrar que ela se sentaría cando quixera e que eles non tiñan ningún dereito, aínda que nin os coñeces.

Falou unha muller, non lembro quen. Levantou un rotulador vermello e dixo que cada home collese ese rotulador e escribíse a quen consideraba un agresor con un SI na fotografía. A verdade é que iso deberíase parecer moito, cambiando o contexto espazo-temporal, a calquera campo de guerra unha vez proclamadxs xs vencidxs, pero neste caso entre “compas”. Confirmaríanme posteriormente que era unha guerra aínda non declarada nese momento.

Pasarei por alto a cantidade de tipos foron a escribir un “si”. Pensei nun xuízo burgués, onde tes dereito á defensa e onde incluso a confesión de culpabilidade non é proba definitiva. A substitución que estaban a facer en vez da xustiza ordinaria era, incluso, peor; cando se supón loitamos por outros métodos, tanto na metodoloxía empregada como no fondo. “A que se referían con agresor?”. “Por que escribían un SI os tipos sen se queirapreguntar ou querer aclarar certas cuestións?”. O primeiro podo intuílo en diversas variables: algúns terían motivos reais, descoñezo, pero a maioría, pensaba, sería por medo, ben a perder o seu status social dentro do “gueto” ou ben polo medo físico e/ou psicolóxico, todo mezclado cunha especie de culpa cristiá. Permitíndeme a alusión relixiosa, pero aquilo era unha cerimonia. Unha cerimonia de castigo preparada.

Cando es sinalado nunha parede e 30 persoas mirante con odio repasas a túa historia persoal: “fixen algo moi malo?”; “lembro aquel día que...”. Parei os pensamentos. Calquera persoa que reescriba a súa historia nese contexto é CULPABLE (e tamén vítima con outros condicionantes).

Ben, os tipos pararon de ir ata o purgatorio a escribir un “si”. Unha tipa saíu de novo: “ninguén máis ten que escribir?”. Vale, había tíos que non foron a escribir nada. Pensei en falar, pero non se podía. Decidín adiantarme e coller un rotu, ir cara a miña fotografía e escribir unha interrogante. Si, volvería escribila por moitos motivos. Escoitei unha risa en alto moi notoria. Vale, unha persoa que debía pensar que eu era un agresor, pero que aínda así sempre que ía por Compos me saúdaba cu excesivo sorriso. Unha persoa da que tería moito que falar. Pero non me podía sorprenden. Ao fin e ao cabo a persoa que me convocara a aquela encerrona era a mesma que me chamaba “agre” de noite e de risas trala acusación que fora a parar ao meu Facebook fai xa dous anos por unhas conversacións virtuais cunha ex-amiga que nin estaba alí, nin sabía, seguro, nada de nada (e non, nin pensades en fotografías, nin en vídeos de contido sexual...). “Agre”, logo de vetarme un ano despois a unha cea de solidariedade do CSOA Escárnio e Maldizer. Vaia, era un agresor e as persoas que me acusaban de selo, supostamente empoderadas, non só me sorrían senón que se burlaban do caso: hipócritas. Nunca tiven tempo de ser escoitado, e daba igual, era culpable e daba igual as probas que presentase, o contexto e todo. Un colega xa me alertaba diso: estaba sentenciado. E todo o resto de compas, tanto vinculadas ou non ao feminismo, dicíanme que iso –o que me fixeran– era un despropósito. Chamada de familiares de se iso ía ter repercusións legais. Dose de realidade. Obvio que non.

A miña interrogante era unha interrogante aberta ao debate, tanto do que alí se pretendía, que supostamente ía ser debater sobre as agresións machistas, como do obxectivo real: ahumillación.

De novo, disposición militar das mulleres. Leron un comunicado. Unha declaración de guerra. Incluída aos compas sentimentais, cos que supoño -se é que non se trataba dun conto- cortarían relación.

Ben, logo do comunicado onde facían unha introdución moi dura da realidade doutros países, das violadas nas guerras, chegou a retina. O público xa estaba coaccionado. Todo

era o mesmo. A refuxiada violada polo captor e a tipa que lía o comunicado que eu nin coñecía. Chegaron máis palabras: “estades predeterminados a violar”, “castrádevos física ou químicamente”, “sodes todos os violadores”, “vivide cun cactus no cú”, etc. Manipulación, bioloxicismo por un tubo e un discurso transfóbico. Que pensarán por certo “as compas” trans?

Un texto preparado. Falta de realidade e eu moi distante dende o posicionamento político. Acabaron o discurso. Empezaron as hostias e os escupitajos. Eu non sabía que pasaba alí nin que se xulgaba, ou máis ben se castigaba. Pegaron a compas que dubidaba moito foran o que elas definiran nese texto. Pero eu xa non pertencía a ese gueto vangardista postuniversitario compostelá (por sorte). De repente unha tipa viu contra min. Eu non tiña nome xa. Primeiro fun marcado nunha lista, agora xa non tiña nome. Era “o dos interrogantes”. Viu contra min e empezou a pegarme. Fun o único que me cubrín (que non defenderme). Con ela unha cuadrilla de mulleres, que moitas non coñecía, vixiando que non reaccionase. Caeume algún puñetazo que outro por unha persoa que non coñecía de nada. Seguiron os escupitajos e as bofetadas. O dano físico penso era o de menos. Era a humillación.

Dez minutos despois non foi suficiente para a que agora sei se chama Lore. “Quedeime con ganas”, berrou, e volveu contra min. Desta vez notouse na miña cara. Non ía deixar que me pegase, pero rapidamente apareceron outras caras antes de que eu reaccionase. Caras cheas de odio contra unha persoa que nin coñecían. Eu só vía a brutalidade colectiva e miradas cómplices. Unha ta Isa, que ao parecer fai “teatro da oprimida”, aínda que ese día a súa “obra” era a de opresora. A súa mirada era desafiante e penso que tamén deume algún puñetazo, mais non recordo. Unha vez as “carceleiras” pensaron que o castigo por “rebelarme” era suficiente a frearon. Non me deixaron falar. Iso deixou claro outra tipa que non coñecía de nada (penso que unha tal Neda): “cala, non fales”. Respondín que “vale, que xa estaba ben”. Pero non era suficiente. A miña sumisión non era suficiente. Estaba sedenta de poder e quere humillarme. Poder, iso que tanto se critica dende o anarquismo, polo menos do que hai fóra de Compostela. E ata que calei e só asentín coa cabeza non parou. Un silencio humillante, como un círculo de rapaces facendo bullying a outro no patio do instituto.

“Marchade xa”. Acabara a “función”. Os tipos ían marchando. Unha fila de tipas a cada lado e segundo marchaban os tipos eu escoitaba un bofetón. Que era iso? Podemos chamarlle xa fascismo? Ou quizais “teatro performativo”, role-playing, se aplicamos a neolinguaxe. Era curioso. Algunha desas persoas acoden todos os anos ás Marchas de Teixeira ou esa mesma mañá acudiran ás Marchas da Cadea. Supoño, visto o visto, a aprender tácticas carcelarias. Máis curioso era aínda que moitas desas tipas pola mañá saudaban e falaban nesta marcha con normalidade cos compas para un par de horas máis tarde pegarlles e humillalos.

O penúltimo contra min foi un empurrón cando ía baixar as escaleiras. Tampouco a coñecía. Mentres se escoitaban berros de “baixade xa hostia” ou “ti que miras”. O penúltimo foi o empurrón, o último saber que a Lore está dixo algo tal que a ela lle doía facer iso (soavos ese discurso?).

Ao baixar (permitídemme o sarcasmo) botei de menos un buzón de suxerencias onde pedir que para a próxima me puxeran a bolsa na cabeza. Si, unha bolsa e quedar espido no Aturuxo de Guantánamo.

Cómpre dicir que a persoa que me convocou coñece o meu estado actual, físico e psicolóxico, por unha enfermidade. O cal non cambiaría nada do meu pensamento nin dos meus actos, nin quero que cambie o dxs demais, pero si penso no concepto que tanto remarcaban de "sororidade". Non sei, debe ser a sororidade do "cactus polo cu".

Ben, este é o relato dos feitos. Penso que era necesario xa que agora tentarán maquillar os acontecementos. Pero é o importante ese día? Penso que non. Penso que ese día só foi un paso máis, unha cerimonia, unha escalada. Algo así non nace da noite a mañá. Isto leva alimentándose anos coa disposición do poder político que do gueto están usando algunha xente. Uns círculos que confunden coidados con liña única de pensamento. Alienación, traición, comportamentos que entran na guía de calquera definición de secta, fascismo de masas, punitivismo, pensamento burgués individualista, vitimismo como ferramenta de purga e catarsis colectiva, vítimas-cómplices, culpa, etc.

Queda moito por falar. Queda todo o que non me deixaron. Pero eu escollerei os receptores e moitas e moitos non estades entre elxs.

Firmado, A. Vila (un disidente).